



## Formación profesional

# Adaptación na programación para a finalización do curso 2019-2020

### Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
15032893	CPR Chíos Formación	2019-2020

### Ciclo formativo

Código	Nome
CSSSC02	Integración social

### Módulo profesional

Código	Nome
MP0344	Metodoloxía da intervención social

### Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
Xeral-ordinario	presencial	

### Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos)

Nome e apelidos
Mónica Vázquez Vázquez

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020, nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.



## 1. Criterios de avaliación do terceiro trimestre afectados (por cada unidade didáctica)

### 1.1 Identificación da unidade didáctica

Nº	Unidade didáctica				
6	A perspectiva de xénero na intervención social				
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolveras e neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación	
<ul style="list-style-type: none"> <li>RA4- Incorpora a toma en consideración das diferenzas sexuais na elaboración dos proxectos de intervención social, tendo en conta a relación entre o marco teórico e legal vixente, e as extratexias e os criterios utilizados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA4.1- Argumentouse a importancia da análise da realidade tendo en conta a consideración das diferenzas sexuais.</li> <li>CA4.2- Argumentouse a necesidade de incorporar a consideración das diferenzas sexuais na elaboración dos proxectos de intervención social.</li> <li>CA4.3- Interpretouse o marco lexislativo que promove a igualdade de oportunidades.</li> <li>CA4.4.- Analizouse a información e os recursos das institucións e dos organismos de igualdade que existan no ámbito da intervención.</li> </ul>	Si Si Si non	Si Si Si non	. OU; Visionado do corto Unha Blancaneves diferente e reflexión crítica sobre o mesmo.	
7	A xestión da calidade nos proxectos de intervención social				
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolveras e neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación	
RA3- Determina as estratexias de promoción e difusión de proxectos de integración social, tendo en conta a relación entre os recursos dispoñibles e os obxectivos perseguidos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>..CA3.7- Argumentouse a necesidade de promover e difundir os proxectos sociais.</li> <li>CA3.8- Xustificouse a necesidade de garantir a veracidade informativa nos procesos de promoción e difusión dos proxectos sociais.</li> </ul>	Non si	Non si	PE; elaboración de actividades relacionadas coa publicidade e outros medios de difusión.	



<p>RA4- Incorpora a toma en consideración das diferenzas sexuais na elaboración dos proxectos de intervención social, tendo en conta a relación entre o marco teórico e legal vixente, e as estratexias e os criterios utilizados.</p>	<p>. CA4.3- Interpretouse o marco lexislativo que promove a igualdade de oportunidades.  CA4.4- Analizouse a información e os recursos das institucións e dos organismos de igualdade que existan no ámbito da intervención.  CA4.6- Analizáronse os protocolos internacionais sobre o uso da linguaxe non sexista.  CA4.8- Identificáronse as estratexias para incorporar a consideración das diferenzas sexuais nos instrumentos de promoción e difusión.</p>	<p>Non  Si Non  si</p>	<p>Non  Si Non  si</p>	<p>O; traballo de investigación.</p>
<p>RA5- Define procedementos de avaliación de proxectos de intervención social, para o que analiza os modelos teóricos, tendo en conta a consideración das diferenzas sexuais.</p>	<p>CA5.1- Descríbironse modelos, técnicas e instrumentos de avaliación da intervención social.  CA5.5- Establecéronse os procedementos xerais para a xestión da calidade nos proxectos deseñados.  CA5.6- Determináronse estratexias e instrumentos para verificar a incorporación da consideración das diferenzas sexuais en proxectos de intervención social.  CA5.7- Argumentouse a necesidade da avaliación para mellorar o funcionamento dos programas e garantir a súa calidade.  CA5.8- Empregáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a elaboración e a presentación de informes de avaliación e memorias.</p>	<p>Si  Si  Non Non  si</p>	<p>Si  Si  Non Non  si</p>	<p>. O; Traballo de investigación.</p>

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os criterios de avaliación que se consideran mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva están recollidos no punto 1;- Argumentar a importancia da análise da realidade tendo en conta a consideración das diferenzas sexuais.- Argumentar a necesidade de incorporar a consideración das diferenzas sexuais na elaboración dos proxectos de intervención social.- Interpretación do marco lexislativo que promove a igualdade de oportunidades.- Xustificación da necesidade de garantir a veracidade informativa nos procesos de promoción e difusión dos proxectos sociais.-Análise da información e os recursos das institucións e dos organismos de igualdade que existan no ámbito da intervención social. Identificación das estratexias para incorporar a consideración das diferenzas sexuais nos instrumentos de promoción e difusión.-Descrición de modelos, técnicas e instrumentos de avaliación na intervención social.-Establecemento de procedementos xerais para a xestión da calidade nos proxectos deseñados.-Emprego das tecnoloxías da información e da comunicación para a elaboración e a presentación de informes de avaliación e memorias.

O sistema de avaliación será continuo a través da entrega de distintos traballos. As actividades ou traballos realizados na clase consistirán en exercicios teóricos e/ou prácticos que se poderán desenvolver de xeito individual ou en grupo, e deberán ser entregados en tempo e forma esixida. Neles vaise valorar; - A forma de traballar, de xeito responsable e respetuoso co resto dos compañeiros, de xeito ordenado con respecto e coidado do material e control do mesmo.-A elaboración e presentación dos traballos en forma e tempo establecido.-A iniciativa, boa disposición, compañeirismo e actitude positiva tanto nas actividades grupais como nas complementarias.- O contido e exposición dos traballos sinalados.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Criterios de avaliación imprescindibles (por cada unidade didáctica)

Nº	Unidade didáctica			
1	Planificación da intervención social			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
X		<ul style="list-style-type: none"> <li>RA2. -Determina os elementos que constitúen un proxecto de intervención social en relación cos modelos de planificación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ca2.2- Identificáronse os niveis de planificación na intervención social.</li> <li>CA2.Identificáronse os elementos fundamentais da planificación..</li> </ul>	. OU; traballo de investigación.
Nº	UNIDADE DIDÁCTICA			
2	A investigación social			



1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
X		. RA1- Determina métodos, técnicas e instrumentos para a análise da realidade social, e interpreta as súas características e o ámbito de aplicación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA1.1- Identificáronse os métodos , as técnicas e os instrumentos principais de obtención de información.</li> <li>CA1.2- Concretáronse os requisitos de aplicación dos instrumentos e dos recursos.</li> </ul>	PE; Realización dun guión para a realización dunha serie de entrevistas atendendo ás características plantexadas.

Nº	UNIDADE DIDÁCTICA			
3	O proxecto de intervención social			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	X	<ul style="list-style-type: none"> <li>RA2. -Determina os elementos que constitúen un proxecto de intervención social en relación cos modelos de planificación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2. 2- Identificáronse os niveis de planificación na intervención social.</li> <li>CA2.3- Comparáronse modelos de planificación.</li> </ul>	PE; elaboración das primeiras fases dun proxecto de intervención social.
Nº	UNIDADE DIDÁCTICA			
4	A promoción e a difusión do proxecto de intervención social.			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	x	<ul style="list-style-type: none"> <li>RA3- Determina estratexias de promoción e difusión de proxectos de intervención social, tendo en conta a relación entre os recursos dispoñibles e os obxectivos perseguidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.3- Identificáronse os elementos fundamentais dunha campaña de promoción e difusión.</li> <li>CA3.4- Describíronse os medios , as estratexias e as técnicas principais para a promoción e a difusión dos proxectos sociais.</li> <li></li> </ul>	OU; análise de diferentes tipos de campañas publicitarias e de difusión.



Nº	UNIDADE DIDÁCTICA			
5	A avaliación do proxecto de intervención social.			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	X	<ul style="list-style-type: none"><li>RA5- Define procedementos de avaliación de proxectos de intervención social , para o que analiza os modelos teóricos, tendo en conta a consideración das diferenzas sexuais.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>CA5.1- Descríbonse modelos, técnicas e instrumentos de avaliación na intervención social.</li><li>CA5.3- Descríbonse as fases de avaliación.</li></ul>	PE: realización dunha serie de actividades para a avaliación dun proxecto de intervención plantexado.



### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso de as actividades, traballos ou tarefas non acadasen a avaliación positiva establecerase para a súa recuperación un novo prazo de entrega no cal o alumnado deberá refacer ese material entregado seguindo as orientacións axeitadas para a súa mellora. O alumnado que non acade a avaliación positiva nas actividades ou traballos descritos nos puntos anteriores deberá realizar un traballo final no que se recollen os contidos esenciais do curso. Conservarase a nota das partes aprobadas, é dicir, o alumno só terá que recuperar a parte do traballo práctico que non supere ao longo do curso.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

O alumnado con perda de dereito de avaliación continua poderá realizar un exame ou traballo das dúas primeiras avaliacións nas mesmas datas e coas mesmas características que o traballo final citado no punto anterior.



## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O alumnado que asistiu ás clases presenciais e virtuais con normalidade, cunha actitude adecuada realizando un traballo de forma continuada será difícil que non acade unha avaliación positiva. Farase unha análise da situación de forma personalizada para poder detectar a orixe do baixo rendemento. Se é un problema de actitude, falta de traballo ou falta de motivación comentarase coa totalidade do equipo docente para poder entre todos adoptar as medidas oportunas de cara a mellorar o rendemento e os resultados do alumno ou alumna. No caso de que a causa veña determinada por un problema puntual adaptaremos actividades de reforzo ou de recuperación.

As medidas adoptadas no caso do alumnado que non responda aos obxectivos programados poderán ser as seguintes;

Titorías personalizadas( a través da plataforma virtual, vídeo conferencias...)

Titorías entre iguais ( a través da plataforma virtual, vídeo conferencias...)

Materiais de apoio( apuntes e esquemas aclaratorios e explicativos adaptados ao alumno ou alumna, exercicios personalizados ás necesidades presentadas por cada un dos alumnos e alumnas)